



LISTA DE ASISTENTES

Allegue Agüete, Pilar
Álvarez Rodríguez, Pablo
Barreiro Blas, Antonio
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Gil Villanueva, José M^a
González Crespán, Araceli
González Pillado, Esther M^a
Montero Muñoz, María
Rodríguez Domínguez, Víctor R.

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 13 de abril de dous mil sete ás 13:00 horas en primeira convocatoria e ás 13:30 horas en segunda.

O venres, día **13 de abril de 2007**, ás 13:30 horas, na Sala de Xuntas da reitoría, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2007.
2. Interpretación do artigo 40.f) dos Estatutos da Universidade de Vigo.
3. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2007.

Apróbase por asentimento.

Punto 2.- Interpretación do artigo 40.f) dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Toma a palabra a Secretaria Xeral para sinalar que o motivo desta reunión é resolver a reclamación presentada polo Sr. Veloso, na que se solicita que se faga unha interpretación adecuada do art. 40.f) dos Estatutos da Universidade de Vigo, no momento en que é convocado como membro do Consello de Campus de Ourense para a súa constitución en reunión ordinaria do día 20 de marzo de 2007.

En concreto, alude o Sr. Veloso ao feito de que o artigo 40.f) dos estatutos, cando sinala que os membros do Consello de Campus serán os dous PAS do campus mais votados nas eleccións ao Claustro no campus correspondente, entende que esta expresión supón que se deben contar os votos emitidos no campus de Ourense, e non os votos totais emitidos na universidade.

Esta foi a interpretación feita para Arturo Rodríguez que é o mais votado no campus de Ourense, pero non na totalidade da universidade.

Se aplicamos o criterio dos votos emitidos no campus de Ourense os membros do Consello de Campus serían:

Arturo Rodríguez Sampayo
Celso Caride Álvarez

Se aplicamos o criterio dos votos emitidos na totalidade da universidade os membros do Consello de Campus serían:

Oscar Veloso Fernández
Arturo Rodríguez Sampayo

Debátese sobre a conveniencia de cada unha das posibles interpretacións do artigo 40.f) dos Estatutos.

Intervén o Sr. Gil Villanueva que considera que pode ser o máis votado sempre que sexa claustral.

O Sr. Fernández Fernández considera debe ser a persoa do propio campus que ten máis votos nese campus.

O Sr. Bravo Fernández expón que a anterior Secretaria xeral tivo un problema similar e o criterio elixido foi que sería o máis votado do campus correspondente.

Finalmente por asentimento acéptase a solicitude do Sr. Veloso, acordándose que o artigo 40.f) dos Estatutos da Universidade de Vigo se interprete no sentido de nomear como membro do Consello de Campus ao PAS que obteña mais votos no campus de que se trate nas eleccións ao Claustro.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:40 horas do día 13 de abril de 2007, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e praxe da Presidenta da Comisión Electoral.

A Presidenta da Comisión Electoral

A Secretaria da Comisión Electoral

María Montero Muñoz

Esther M^a González Pillado